

PROCEDEMENTO IA-01

XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS

R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA

Aprobado en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 24/04/2025

Vigo, a 24 de abril de 2025

Guillermo García Lomba

Coordinador CGIC

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: IA-01
----------------------	---	---	------------------------

R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos

CENTRO: ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA

1. Previsión de distribución de créditos para o ano 2025

De acordo co orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2025, os créditos correspondentes aos capítulos II e VI distribúense conforme aos principios de descentralización establecidos no anexo I, titulado “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2025” do devandito orzamento.

Unha vez que o Servizo de Contabilidade comunica de maneira informática a dotación inicial dos créditos descentralizados asignados aos Centros, é preciso proceder á súa distribución específica para esta Escola. Os créditos concedidos destinaranse á cobertura dos gastos docentes e dos custos asociados ao funcionamento ordinario do centro. Como vén sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2025 os centros recibirán financiamento en función dos seguintes criterios:

a) Establécese unha dotación básica para os capítulos II e VI do orzamento de 2025, distribuída atendendo ás necesidades do Centro, mantendo a mesma asignación inicial que no exercicio previo.

b) No marco dos créditos asignados ao Centro, inclúese unha dotación específica para a Delegación de Alumnos, en cumprimento dos requisitos da contabilidade analítica, individualizándose no orzamento a través da clasificación orgánica correspondente.

Debido á compartición do edificio con outro centro, os gastos derivados da xestión e mantemento das instalacións serán de carácter común para todo o Edificio de Ampliación de Telecomunicación e para a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Para tal efecto, establécese unha dotación específica que se recolle no Cadro II. Do mesmo xeito que en exercicios orzamentarios anteriores, a xestión dos gastos de telefonía realizarase de maneira centralizada, mentres que os custos vinculados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.

Cómpre salientar que no orzamento de 2025 os créditos estarán vinculados por artigos, salvo aqueles que se detallan a continuación, os cales se vincularán ao nivel de desagregación por conceptos especificado:

226.01 Atencións protocolarias.

226.02 Publicidade e propaganda.

Neste exercicio mantéñense os mesmos elementos da clasificación económica do gasto establecidos no ano anterior, en coherencia coa Resolución do 19 de xaneiro de 2009 da Dirección Xeral de Presupostos. Esta normativa, utilizada tanto polo Estado como pola Xunta de Galicia, ten como obxectivo a homoxeneización da clasificación orzamentaria dos

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: IA-01
----------------------	---	---	------------------------

gastos coas demais administracións e a facilitación da correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

A estrutura do estado de gastos elaborárase seguindo os seguintes criterios:

a) Unha clasificación funcional por programas, que reflicte o obxectivo perseguido (por exemplo, “111L Docencia”).

b) Unha clasificación orgánica, que identifica a unidade ou centro da Universidade responsable do gasto (neste caso, “0008 Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía” e “AL08 Delegación de alumnado”).

c) Unha clasificación económica, que especifica a natureza do gasto

No exercicio 2025 o orzamento inicial para o programa “AL08 da Delegación de alumnado” é o seguinte:

CADRO I

CLASIFICACIÓN ECONOMICA		IMPORTES
Concepto	Denominación do gasto	Ano 2025
220	Material de oficina	800,00 €
226.99	Gastos diversos	2.000,00 €
TOTAL		2.800,00 €

Os créditos concedidos á Delegación de Alumnado destinaranse, en primeiro lugar, á cobertura dos gastos derivados das súas actividades propias, así como á participación dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan empregarse no financiamento de gastos de natureza inventariable, será imprescindible que o/a Director/a ou Administrador/a do centro solicite a correspondente modificación de crédito. En ningún caso esta modificación poderá implicar un incremento do gasto total. No exercicio 2025, o orzamento inicial común destinado ao mantemento e reparación do edificio e demais instalacións compartidas entre a Ampliación de Telecomunicación e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía queda reflectido a continuación:

CADRO II

DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS MANTEMENTO EDIFICIO

Concepto	Denominación do gasto	2025
212	Reparacións edificios	11.700,00 €
213	Reparación Maquinaria e Instalacións	17.247,00 €
215	Reparación Mobiliario e Equipamento	2.700,00 €
TOTAL ARTIGO 21		31.647,00 €

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: IA-01
----------------------	---	---	------------------------

No exercicio 2025 o orzamento inicial asignado á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ascende a un total de **62.653,00 €** (Cadro III).

CADRO III

DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA

Concepto	Denominación do gasto	2025
205	Arrendamentos fotocopiadoras	2.000,00 €
220	Material de oficina	8.000,00 €
221.01	Subministracións administrativas	3.000,00 €
221.02	Subministracións docentes	20.299,00 €
222	Comunicación	519,00 €
223	Transportes	5.000,00 €
226.01	Atencións protocolarias	3.000,00 €
226.02	Publicidade e propaganda	2.403,00 €
226.99	Gastos diversos	10.001,00 €
227.99	Traballos outras empresas	2.400,00 €
230	Indemnizacións razón servizo	3.785,00 €
TOTAL CAPITULO II		60.407,00 €
625	Mobiliario e equipamento	2.246,00 €
TOTAL CAPITULO VI		2.246,00 €
TOTAL CAPÍTULO II IV E VI		62.653,00 €

2. Reparto das subministracións docentes de áreas

Unha parte do orzamento ordinario repártese entre as diversas áreas que imparten docencia nas distintas titulacións, seguindo un criterio ponderado baseado no número de estudantes matriculados nas súas materias, conforme á PDA do correspondente curso académico (Cadro IV). Cada área designará unha persoa coordinadora ou responsable, encargada da administración dos fondos asignados.

CADRO IV

SUBMINISTRACIÓNS DOCENTES

Código	Área	2024		2025	
		Alum	€	Alum	€
65	Ciencia Materiais	65	428	87	463
265	Estatística	59	371	89	474
280	Estratigrafía	6	100	5	100
295	Explotación de Minas	145	913	97	516
305	Expresión gráfica na Enxeñaría	63	397	104	552
385	Física Aplicada	140	881	193	1026
505	Enx. cartográfica, xeodésica e fotogr.	24	151	21	113

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: IA-01
----------------------	---	---	------------------------

520	Enxeñaría de sistemas e automática	37	233	44	233
535	Enxeñaría eléctrica	171	1077	227	1206
545	Enxeñaría mecánica	58	365	71	377
555	Enxeñaría química	127	799	216	1148
570	Linguaxes e sistemas informáticos	108	680	131	697
590	Máquinas e motores térmicos	231	1455	228	1211
596	Matemática aplicada II	242	1524	316	1678
600	Mecánica de fluídos	108	680	122	649
605	Mec. dos medios cont. e teoría de estr.	72	453	68	361
650	Organización de empresas	79	498	97	515
710	Prospección e investigación mineira	12	100	9	100
720	Proxectos de Enxeñaría	27	170	18	100
785	Tecnoloxía electrónica	69	434	50	267
790	Tecnoloxía do medio ambiente	60	378	66	350
TOTAIS		1903	12087	2259	12136

3. Distribución das subministracións para equipamento de laboratorios docentes

A Dirección do Centro administra os recursos destinados a atender as necesidades de equipamento dos distintos laboratorios utilizados na docencia de todas as titulacións. As adquisicións de equipamento ou *software* lévanse a cabo tras a avaliación e priorización das solicitudes presentadas polos Departamentos con docencia na Escola. Convócase anualmente un proceso para a asignación destes investimentos, tratando de atender, na medida do posible, todas as demandas existentes. Ademais, a Escola reserva unha parte desta partida para o mantemento e mellora dos laboratorios e espazos de uso común, como as aulas de informática, que non están adscritos a ningunha área específica, senón que dependen directamente do centro.

4. Proceso de xestión e criterios de selección de provedores.

As adquisicións levaranse a cabo mediante a aplicación informática de pedidos, xestionada polo persoal de administración e servizos (PAS) designado para tal fin. A Administradora do Centro será a encargada de executar a compra, tramitando os correspondentes pagos con cargo ás distintas partidas orzamentarias establecidas no Orzamento do Centro.

A xestión das compras estará suxeita á normativa vixente, respectando os límites establecidos para os contratos menores, os procedementos negociados e os concursos. Segundo as normas de execución orzamentaria do exercicio 2025, nos contratos menores de obras que superen os 25.000 euros e nos restantes contratos menores cun importe superior a 9.000 euros, os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do sector público deberán solicitar ofertas, como mínimo, a tres empresas capacitadas para a execución do obxecto do contrato, sempre que iso sexa viable. Ademais,

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: IA-01
----------------------	---	---	------------------------

as empresas convidadas a presentar ofertas non poderán ter relación entre elas. Para a selección de provedores teranse en conta os límites da contratación menor definidos na instrución xerencial do 27 de xullo de 2018.

Vigo, 21 de Febreiro de 2025

Asdo. Francisco Javier Deive Herva, Subdirector de Infraestruturas, AAEE e Relacións Internacionais